



Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais

PREÁMBULO	2
Artigo 1. Autorización do programa.....	2
Artigo 2. Titulacións que se obterán.....	2
Artigo 3. Duración do programa	2
Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa	2
Artigo 5. Centro de impartición do ensino	2
Artigo 6. Número de estudantes	2
Artigo 7. Acceso e admisión de estudantes	2
Artigo 8. Criterios de matrícula.....	3
Artigo 9. Permanencia e progresión.....	3
Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias.....	3
Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia	3
Artigo 12. Abandono do programa	4
Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudantes do programa	4
Artigo 14. Expedición dos títulos oficiais de grao	5
Disposición adicional primeira. Normativa supletoria	5
Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do programa	5
Disposición transitoria. Extinción do programa anterior.....	5
Disposición derogatoria. Derogación normativa.....	5
Disposición final primeira. Habilitación	5
Disposición final segunda. Entrada en vigor	6
Anexo I. Estrutura do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais	6
Anexo II. Recoñecementos específicos para o estudiantado do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais	9



PREÁMBULO

A Universidade da Coruña, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta académica dispoñible, posibilita que o estudantado poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado pola Facultade de Turismo e pola Facultade de Economía e Empresa sobre os plans de estudos oficiais.

Para o funcionamento do programa conxunto, é preciso regular determinados aspectos.

Artigo 1. Autorización do programa

A Universidade da Coruña (UDC) autoriza a posta en marcha dun programa de estudos proposto pola Facultade de Turismo e pola Facultade de Economía e Empresa, que permita simultanear os estudos de Grao en Turismo e Grao en Ciencias Empresariais (en diante Programa de Simultaneidade), mediante unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van cursar a partires dos plans de estudos oficiais de ambos graos e tendo en conta o regulado nos artigos seguintes.

Artigo 2. Titulacións que se obterán

O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos oficiais de Grao en Turismo pola UDC e Grao en Ciencias Empresariais pola UDC.

Artigo 3. Duración do programa

Terá unha duración de cinco cursos académicos, dez cuatrimestres repartidos consonte á estrutura que figura no anexo I. O número de créditos necesario para superar o programa será de 354 créditos.

Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa do Programa de Simultaneidade

Co fin de facilitar as distintas xestións administrativas, acórdase designar á Facultade de Economía e Empresa como centro responsable da tramitación e custodia dos expedientes académicos do alumnado. O estudantado do programa aboará neste centro os prezos públicos e taxas por servizos académicos que correspondan aos títulos de Grao en Ciencias Empresariais e de Grao en Turismo,

Artigo 5. Centro de impartición do ensino

A impartición das disciplinas deste programa de simultaneidade será de xeito independente á equivalente no grao en Turismo e no grao en Ciencias Empresariais. En consecuencia realizarase en cada cuatrimestre no centro que corresponder segundo as disciplinas que se van impartir.

Artigo 6. Número de estudantes

O número de estudantes de acceso ao programa de simultaneidade será, en cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Facultade de Economía e Empresa e de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 7. Acceso e admisión de estudantes

1. Só poderá acceder ao programa de simultaneidade aquel estudantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambos os graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este programa de simultaneidade realizarase polo

mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.

Dado que o programa de simultaneidade se introducirá de xeito gradual e con grupos de docencia homoxéneos, non poderán solicitar a admisión neste programa aqueles estudantes que estean a cursar, ben o grao en Turismo ou ben o grao en Ciencias Empresariais. Isto é, para aqueles estudantes que xa iniciasen un dos dous graos e desexaren cursar de forma simultánea os seus estudos coa outra titulación, rexerán as normas xerais da UDC sobre simultaneidade de estudos. Alternativamente, poderán acceder ao primeiro curso do programa de simultaneidade se a CIUG lle asigna súa preinscrición.

Artigo 8. Criterios de matrícula

1. O estudantado de primeiro curso, que curse estes estudos por primeira vez, poderá optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo, é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao primeiro curso, ou ben a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.
2. O estudantado de continuación de estudos deberá efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial, ou réxime de matrícula adaptada, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario da UDC.
3. De acordo coa normativa de progresión nos programas académicos aprobada na UDC, o estudantado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatorios non superados de cursos anteriores.
4. O estudantado poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a normativa de xestión académica que rexa en cada curso académico.

Artigo 9. Permanencia e progresión: Número de créditos que se deben superar.

1. O alumnado de primeiro curso matriculado neste por primeira vez, deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudantado de grao e mestrado universitario na UDC
2. O estudantado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.
2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes, e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro, que corresponder, xunto coas de cada un dos graos.

Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia

1. Aquel estudantado matriculado no programa de simultaneidade que non cumpra as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberá abandonar os



estudos, de conformidade co disposto na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudantado de grao e mestrado universitario na UDC.

2. As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polo estudantado do programa, serán atendidas pola persoa titular do decanato do centro xestor deste, quen resolverá por desconcentración da reitora ou do reitor da UDC, logo do informe da comisión académica que corresponder.

3. Contra a resolución do decano ou decana, o estudantado poderá presentar un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor, na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere.

Artigo 12. Abandono do programa de simultaneidade

1. As persoas que decidan abandonar o programa de simultaneidade deberán notificalo á Administración da facultade responsable da xestión administrativa deste, antes do inicio do período ordinario de matrícula.

2. O estudantado, de ser o caso, poderá:

a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do programa, sempre que teñan aprobados polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e seis créditos no réxime de dedicación a tempo parcial, da titulación que vaian cursar.

De non cumprir este requisito, o decanato da facultade, previa petición da persoa interesada, poderá admitir a matrícula, pero neste caso o/a estudante deberá superar un mínimo de 36 créditos obrigatorios do primeiro curso para a matrícula a tempo completo, e 18 no caso de matrícula a tempo parcial.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opte, por aqueles outros superados na titulación que abandone.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación na que se matricule, por aqueles outros superados no programa de simultaneidade.

Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudantes deste programade Simultaneidade

1. Ao alumnado que superar o programa de simultaneidade recoñeceránselle os créditos das disciplinas optativas e das obrigatorias non cursadas dos plans de grao en Turismo e do grao en Ciencias Empresariais polos créditos das disciplinas obrigatorias que constan no anexo II desta normativa, logo de superalas e coa equivalencia en puntos correspondente á cualificación obtida nesas disciplinas obrigatorias.

2. Os recoñecementos realizaranse polo decanato do centro correspondente logo de superar o total de créditos previstos no plan de simultaneidade. Este recoñecemento será gratuíto.

3. De acordo coas memorias verificadas do grao en Ciencias Empresariais e do grao en Turismo, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizaranse dous traballos de fin de grao en que serán de aplicación os coñecementos adquiridos en cursos anteriores: un de 12 créditos en que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do grao en Ciencias Empresariais e outro de 6 créditos en

que se acredita que posúe o dominio do conxunto de competencias xerais e específicas do grao en Turismo. Estes traballos de fin de grao deberán estar dirixidos por un/unha profesor/a ou profesores/as dos departamentos adscritos á Facultade de Economía e Empresa e á Facultade de Turismo, respectivamente.

Artigo 14. Expedición dos títulos oficiais de grao

O estudantado deberá solicitar a expedición de cada un dos títulos oficiais: Graduado/a en Turismo e Graduado/a en Ciencias Empresariais, ante as administracións dos centros responsables destes títulos e pagarán, en concepto de expedición de cada título, os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

Os trámites administrativos que se realizarán en cada unha das administracións mencionadas serán os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

Disposición adicional primeira. Normativa supletoria

Para o que non está establecido nesta normativa, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos, regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do programa de simultaneidade

A UDC resérvase o dereito de non ofrecer para promocións sucesivas o programa de simultaneidade de estudos que regula esta normativa se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual, porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os estudos do programa de simultaneidade.

Disposición transitoria. Extinción do programa anterior

O programa de simultaneidade do grao en Turismo e o grao en Ciencias Empresariais, aprobado polo Consello de Goberno do 20/07/2017 extinguírase segundo o seguinte calendario:

Curso	Último curso de impartición	Primeiro curso só exames	Último curso só exames
1º	2024/2025	2025/2026	2027/2028
2º	2025/2026	2026/2027	2028/2029
3º	2026/2027	2027/2028	2029/2030
4º	2027/2028	2028/2029	2030/2031
5º	2028/2029	2029/2030	2031/2032

Disposición derogatoria. Derrogación normativa

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais, aprobada polo Consello de Goberno do 20/07/2017, tendo en conta o establecido na disposición transitoria.

Disposicións final primeira. Habilitación

Corresponderalle á vicerreitoría competente en materia de titulacións a interpretación e

resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e será de aplicación a partir do curso académico 2025/26.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

Anexo I. Estrutura do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais

		CÓDIGO	MATERIA	ECTS	TIPO
1.º curso	1.º cuadrimestre	200518	Introdución ao Dereito	6	FB
		200519	Principios de Microeconomía	6	FB
		200520	Economía da Empresa: Función Organizativa	6	FB
		200521	Matemáticas I	6	FB
		200522	Historia da Empresa	6	FB
		200525	Economía da Empresa: Función Financeira	6	FB
	2.º cuadrimestre	201868	Xeografía do Turismo	6	FB
		201869	Técnicas de Comunicación e de Promoción Turísticas	6	FB
		202902	Primeiro Idioma Moderno I: Inglés	6	FB
		201871	Patrimonio Cultural	6	FB
		201872	Informática de Xestión e do Coñecemento	6	O
		201873	Introdución ao Turismo	6	FB

2.º curso	1.º cuadrimestre	200523	Dereito Mercantil	6	O
		200526	Estatística I	6	FB
		200527	Matemáticas II	6	FB
		200531	Análise das Operacións Financeiras	6	O
		200532	Macroeconomía	6	FB
		200537	Informática Aplicada á Empresa	6	O
	2.º cuadrimestre	201865	Socioloxía do Turismo	6	FB
		201877	Intermediación Turística e Transporte I	6	O
		201878	Aloxamentos e Restauración I	6	O
		202903	Primeiro Idioma Moderno II: Inglés	6	O
		201880	Márketing Turístico	6	O
		201883	Segundo Idioma Moderno I: Francés (*)	6	O
		200761	Segundo Idioma Moderno I: Alemán (*)	6	O

3.º curso	1.º cuadrimestre	200524	Economía Mundial e Española	6	O
		200528	Réxime Fiscal da Empresa I	6	O
		200530	Contabilidade Financeira I	6	O
		200533	Organización de Empresas	6	O
		200535	Estatística II	6	O
		200539	Bases de Datos para a Empresa	6	O
	2.º cuadrimestre	201882	Recursos Territoriais Turísticos	6	O
		201884	Intermediación Turística e Transporte II	6	O
		201885	Aloxamentos e Restauración II	6	O
		201886	As TIC Aplicadas ao Turismo	6	O
		202904	Primeiro Idioma Moderno III: Inglés	6	O
		200746	Segundo Idioma Moderno II: Francés (*)	6	O
		200762	Segundo Idioma Moderno II: Alemán (*)	6	O

4.º curso	1.º cuadrimestre	200534	Contabilidade Financeira II	6	O
		200536	Dirección Financeira I	6	O
		200538	Réxime Fiscal da Empresa II	6	O
		200540	Contabilidade de Custos	6	O
		200541	Introdución á Econometría	6	O
		202232	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	6	O
	2.º cuadrimestre	200742	Xestión Turística do Patrimonio	6	O
		200747	Comercialización de Produtos Turísticos	6	O
		200748	Xestión Pública do Turismo	6	O
		200749	Xestión de Calidade	6	O
		200750	Segundo Idioma Moderno III: Francés (*)	6	O
		200763	Segundo Idioma Moderno III: Alemán (*)	6	O

5.º curso	1.º cuadrimestre	200542	Dirección Financeira II	6	O
		202233	Réxime Fiscal da Empresa III	6	O
		202234	Sistema Financeiro Español	6	O
		202236	Contabilidade de Sociedades	6	O
		202237	Análise de Estados Financeiros	6	O
	2.º cuad.	202249	Traballo de Fin de Grao	12	O
		200751	Traballo de Fin de Grao	6	O
		200764	Prácticas Externas	24	O

FB: Formación básica O: Obrigatoria

(*) O alumnado deberá cursar os 18 créditos obrigatorios do Segundo Idioma Moderno I, II, III: Francés ou Alemán

Anexo II. Recoñecementos específicos para o estudantado do Programa de Simultaneidade do Grao en Turismo e o Grao en Ciencias Empresariais

a) Os créditos das seguintes materias obrigatorias do grao en Turismo recoñeceranse polos seguintes créditos obrigatorios do grao en Ciencias Empresariais:

Materia obrigatoria do grao en Turismo	Materia obrigatoria do grao en Ciencias Empresariais pola que se recoñece
201875 Contabilidade Financeira	200530 Contabilidade Financeira I
201881 Contabilidade de Custos	200540 Contabilidade de Custos
200743 Fiscalidade Turística	200528 Réxime Fiscal da Empresa I
200744 Análise de Estados Financeiros	202237 Análise de Estados Financeiros
201887 Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	200541 Introducción á Econometría

b) Os créditos das seguintes materias obrigatorias do grao en Ciencias Empresariais recoñeceranse polos seguintes créditos obrigatorios do grao en Turismo:

Materias obrigatorias do grao en Ciencias Empresariais	Materias obrigatorias do grao en Turismo pola que se recoñece
202235 Inglés Empresarial	202903 Primeiro Idioma Moderno II: Inglés
202242 Inglés Empresarial Avanzado	202904 Primeiro idioma moderno III: Inglés

c) Os créditos das disciplinas optativas do grao en Turismo recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias do grao en Ciencias Empresariais:

Créditos optativos do grao en Turismo	Materias obrigatorias do grao en Ciencias Empresariais pola que se recoñece
18 créditos Recoñecementos por Programa de Simultaneidade	200538 Réxime Fiscal da Empresa II 200539 Bases de Datos para a Empresa 202236 Contabilidade de Sociedades

d) Os créditos das disciplinas optativas do grao en Ciencias Empresariais recoñeceranse pola superación dos créditos das seguintes disciplinas obrigatorias e de formación básica do grao en Turismo:

Créditos optativos do grao en Ciencias Empresariais	Materias obrigatorias do grao en Turismo pola que se recoñece
202250 Prácticas Externas	200764 Prácticas Externas
24 créditos Recoñecementos por programa de simultaneidade	201880 Márketing Turístico 201886 As TIC aplicadas ao Turismo 200747 Comercialización de Produtos Turísticos 200749 Xestión de Calidade 202902 Primeiro Idioma Moderno I: Inglés

e) Os créditos das seguintes materias de formación básica do grao en Turismo recoñeceranse polos seguintes créditos de formación básica do grao en Ciencias Empresariais:

Materia formación básica do grao en Turismo	Materia formación básica do grao en Ciencias Empresariais pola que se recoñece
201866 Introducción á Economía	200519 Principios de Microeconomía
201867 Introducción ao Dereito	200518 Introducción ao Dereito
201874 Economía da Empresa	200520 Economía da Empresa: Función Organizativa
201876 Estatística	200526 Estatística I

f) Os créditos das seguintes materias de formación básica do grao en Ciencias Empresariais recoñeceranse polos seguintes créditos de formación básica do grao en Turismo:

Materia formación básica do grao en Ciencias Empresariais	Materia formación básica do grao en Turismo pola que se recoñece
200529 Introducción á Socioloxía Industrial e da Empresa	201865 Socioloxía do Turismo

Dilixencia para facer constar que esta normativa foi modificada por Acordo de 16 de xullo de 2025, de Consello de Goberno, polo que se aprobou a modificación dos artigos 1, 2, 3 e 4

A secretaria xeral